2019

PAZO DA CULTURA
Concello de Narón

Teatro
Música
Comedia
Infantil
Danza

PROGRAMACIÓN XANEIRO/MARZO

PROGRAMACIÓN XANEIRO/MARZO 2019

XANEIRO

Sábado 12 20:00 horas Pazo da Cultura	Teatro contemporáneo SARABELA TEATRO **CELEBRACIÓN**
Sábado 19 20:00 horas Pazo da Cultura	Música VÍCTOR MANUEL **CASI NADA ESTÁ EN SU SITIO**
Domingo 20 18:00 horas Pazo da Cultura	Teatro xestual ELEFANTE ELEGANTE **DANZA DA CHOIVA**
Venres 25 20:30 horas Pazo da Cultura Sábado 26 20:00 e 22:30 horas Pazo da Cultura	Comedia CARLOS BLANCO E TOURIÑÁN **SOMOS CRIMINAIS**

FEBREIRO

Venres 1 20:30 horas Pazo da Cultura Sábado 2 20:00 horas Pazo da Cultura	Teatro / Drama MALASOMBRA PRODUCIÓNS **BERNARDA** ESTREA
Venres 8 20:30 horas Pazo da Cultura	Teatro (Traxedia) PENTACIÓN **FEDRA**
Domingo 10 18:00 horas Pazo da Cultura	Música folk TROTAVENTOS **A FIESTRA DOS SOÑOS**
Sábado 16 20:00 horas Pazo da Cultura	Teatro contemporáneo IBUPROFENO TEATRO **CASA O'REI**
Domingo 17 18:00 horas Pazo da Cultura	Teatro /Comedia BERROBAMBÁN **ADESHORAS**
Venres 22 20:30 horas Pazo da Cultura Sábado 23 20:00 horas Pazo da Cultura	Teatro / Comedia TALÍA TEATRO **VIDA DE CANS** ESTREA

Esta programación poderá sufrir cambios

Todas as obras terán lugar no Pazo da Cultura agás onde se especifique o contrario

Despacho de billetes:
De luns a venres
9:30 a 14:00 horas
17:00 a 20:30 horas
Sábados
9:30 a 14:00 horas
17:00 a 20:00 horas
Teléf. 981 102 897
(Despacho de billetes)
taquilla.pazo@naron.es

MARZO

Sábado 9 20:00 horas Pazo da Cultura	Teatro (histórico) ROSARIO PARDO **LOS DÍAS DE LA NIEVE**
Domingo 10 18:00 horas Pazo da Cultura	Teatro FREDDY GINEBRA (Rep. Dominicana) **UN SUEÑO, UNA CASA, MEDIO SIGLO Y MUCHAS HISTORIAS**
Venres 15 20:30 horas Pazo da Cultura	Teatro / Drama A QUINTA DO CUADRANTE **O EMPAPELADO AMARELO**
Sábado 16 20:00 horas Pazo da Cultura	Teatro contemporáneo TEATRO PETRA (Colombia) **YO NO ESTOY LOCA**
Domingo 17 18:00 horas Pazo da Cultura	Teatro / Comedia TANXARINA **TITIRICIRCUS**
Venres 22 20:30 horas Pazo da Cultura	Teatro contemporáneo TEATRO DEL BARRIO **EMILIA**
Sábado 23 20:00 horas Pazo da Cultura	Teatro FÉLIX ALBO **TANATORIUM**
Venres 29 20:30 horas Pazo da Cultura	Teatro GRUPO CHÉVERE **ANATOMÍA DUNHA SEREA**
Sábado 30 20:00 horas Pazo da Cultura	Danza tradicional FRAN SIEIRA COMPAÑÍA DE DANZA **ENTRESOÑOS**
Domingo 31 18:00 horas Pazo da Cultura	Teatro musical OS MONICREQUES DE KUKAS **ARLEQUINA**

Sábado 12 de xaneiro

20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO CONTEMPORÁNEO

Adultos | 1 hora e 15 minutos (galego)

SARABELA TEATRO

Celebración

Neste cóctel vai pasar algo importante, ten que pasar algo moi importante, porque está anunciado por terra, mar e aire, porque asalta os nosos ollos e os nosos oidos, porque chegar a ese cóctel é entrar no mundo do luxo, e o luxo non é cuestión de cartos, é unha cuestión de gusto, de saber estar, de saber ser... persoa. O luxo é o contrario da vulgaridade (Cocó Chanel), de ser vulgo, de non ser... ninguén. Hai que estar na fotografía do evento, onde están todas aquelas persoas que merecen a pena. E así, hordas de invitados e de non invitados achéganse ás portas do macroespazo onde ten lugar o evento, a celebración, o gran cóctel. Esquecer as miserias cotiás por estar aí un momento, por sentirse invitado na gran festa. Unha comedia sobre o asalto ao poder.

Autor: FERNANDO DACOSTA
Dirección: DANIEL SALGADO
Adaptación: FERNANDO DACOSTA
Escenografía: JOSÉ FARO COTI
Deseño son: DANIEL SALGADO e FERNANDO DACOSTA
Deseño iluminación: BALTASAR PATIÑO
Vestiario: FINA CALLEJA
Música: DANIEL SALGADO e RENATA CODA FONS

ELENCO: ELENA SEIJO - FERNANDO DACOSTA
SABELA GAGO - NATE BORRAJO - FINA CALLEJA

PREZOS: Público xeral: 9,50 €
Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Sábado 19 de xaneiro

20:00 | Pazo da Cultura

MÚSICA

Todos os públicos | 1 hora e 30 minutos (castelán)

VÍCTOR MANUEL

Casi nada está en su sitio

Casi nada está en su sitio é o primeiro álbum de cancións orixinais de Víctor Manuel dende *No hay nada mejor que escribir una canción*, alá polo 2008. Tras a súa recente participación na exitosa xira *El gusto es Nuestro 20 años*, a publicación de *Canciones regaladas*, o seu disco de versións xunto a Ana Belén, un libro de memorias e o fenomenal directo *50 años no es nada*, era hora de que novas composicións viran a luz.

PREZOS: Público xeral: 35,00 €
Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 24,50 €

Domingo 20 de xaneiro

18:00 | Pazo da Cultura

TEATRO XESTUAL

Infantil de 3 a 9 anos | 45 minutos (galego)

ELEFANTE ELEGANTE

Danza da choiva

***A danza da choiva* gañou o Premio María Casares 2017 ao mellor espectáculo infantil.** Que acontecería se, de súpeto, deixase de chover? Non durante un mes, un verán ou un ano, senón para sempre? Esta é a pregunta que coloca *A danza da choiva*, un espectáculo de teatro xestual, con danza, manipulación de obxectos e monicreques. Os seus efectos cómicos, plásticos e poéticos advirten, divirten e fascinan o público familiar e infantil a partir dos 3 anos.

Autores: MARÍA TORRES e GONÇALO GUERREIRO
Dirección: MARÍA TORRES e GONÇALO GUERREIRO
Adaptación: MARÍA TORRES e GONZÇALO GUERREIRO
Escenografía: MARÍA TORRES e GONÇALO GUERREIRO
Deseño son: MANO PANFORRETEIRO
Deseño de iluminación: DANI PAIS
Vestiario: MARCIA EDLEDITSCH
Música: MANO PANFORRETEIRO
Coreografía: ÁNXELA BLANCO

ELENCO: GONÇALO GUERREIRO - MARÍA TORRES

PREZOS: Público xeral: 9,50 €
Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €
Menores de 14 anos: 5,50 €

Venres 25 e Sábado 26 de xaneiro

Venres 20:30 e sábado 20:00 e 22:30 | Pazo da Cultura

COMEDIA

A partir de 12 anos | 1 hora e 30 minutos (galego)

CARLOS BLANCO E TOURIÑÁN

Somos criminais

Temos unha cultura criminal propia? Delinquimos como galegos? Para responder a estas preguntas, Carlos Blanco e Touriñán, analizan e dramatizan crimes autóctonos en todas as súas variables, desde o crime por arroutada ata o crime por acumulación de mala hostia, pasando polo crime familiar por causa das herdanzas, o asasinato por suxestión ou as orixes do narcotraficante galego. A conclusión é clara: *Somos criminais*.

Dous dos talentos máis prolíficos da comedia en Galicia únense por primeira vez nun espectáculo conxunto, cun texto inédito de José Prieto no que xa traballan os actores para completalo e darlle forma, e coa dirección técnica de Dani Juncal. *Somos criminais* é unha producción de Condetrespés e Undodez, coa colaboración de Ainé Produciónss.

ELENCO: Carlos Blanco - Touriñán

PREZOS: Patio de butacas: 15,00 €
Anfiteatros: 13,00 €

Venres 1 e Sábado 2 de febreiro

Venres 20:30 e sábado 20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO / DRAMA

Adultos | 1 hora e 15 minutos (galego)

MALASOMBRA PRODUCIÓNS

Bernarda

ESTREA

Bernarda recolle o punto de partida de *La casa de Bernarda Alba*, escrita por Lorca en 1936, é dicir, unha muller que queda viúva con fillas mozas e decreta un rigoroso loito, pero traslada a acción a unha vila de Galicia case corenta anos máis tarde, en 1975, nun momento clave da nosa historia recente, no que as ansias de cambios chocan coas tradicións máis arraigadas, como é neste caso, o loito. Bernarda, ao quedar viúva, tenta que todo siga sendo igual que sempre, como foi toda a súa vida, e que as malas influencias dunha sociedade en proceso de transformación non cheguen ás súas fillas nin a ela mesma. Bernarda non entende a música ye-ye, as minisaias, os guateques, nin ningunha das novas modas da xuventude da época, e a súa reacción é clara: "Mentres eu viva, nesta casa non vai cambiar nada e as cousas vanse facer como se teñen que facer". *Bernarda* é unha historia comprensible e universal, coa que calquera se pode sentir identificado, pois quen máis quen menos viviu ou vive na súa casa un choque xeracional, onde os valores e os costumes dos máis vellos se topan de fronte contra a necesidade dos máis novos de crear un mundo distinto cos seus propios códigos e condutas. *En Bernarda* este choque de xeracións está sustentado pola interpretación das tres actrices do espectáculo, onde Luisa Merelas, unha das mellores actrices do teatro audiovisual galego, dará vida a Bernarda, o eixo da historia, que estará secundada por dúas actrices emerxentes e talentosas (Sabela Arán e Celia González) que serán as encargadas de encarnar as súas fillas, coas que loitará con todas as súas forzas para que non se vaian do rego que ela lles marque.

Autor: JOSÉ PRIETO / Dirección: JOSÉ PRIETO
Deseño de son: CARLOS MOSQUERA
Deseño de iluminación: XOQUE CARBAJAL e ESTHER AJA
Vestiario: PATRICIA RODRÍGUEZ / Música: CARLOS MOSQUERA

ELENCO: LUISA MERELAS - CELIA GONZÁLEZ - SABELA ARÁN

PREZOS: Público xeral: 9,50 €
Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Venres 8 de febreiro

20:30 | Pazo da Cultura

TEATRO (TRAXEDIA)

Adultos | 1 hora e 30 minutos (castelán)

PENTACIÓN

Fedra

Fedra, a raíña da illa do Volcán, está enferma: nin come, nin fala, nin dorme. Os médicos son incapaces de descubrir a orixe do seu padecemento e o país enteiro anda preocupado polo seu estado de saúde. Algúns din que se volveu tola. Outros, que as longas ausencias do seu esposo o rei da illa, remataron por devastar e asolar o seu corazón, pero ninguén coñece a verdade e todos se equivocan. E é que a gran responsable da doenza de Fedra non é outra que unha paixón que a atormenta dende hai tempo e que xa non poden reprimir máis; un erotismo inmoral e impúdico, un desexo violento e indómito, un amor prisioneiro e indecente.

Autor: PACO BEZERRA
Escenografía: MÓNICA BOROMELLO
Iluminación: JUAN GÓMEZ CORNEJO
Música: MARIANO MARÍN
Vestiario: ALMUDENA RODRÍGUEZ HUERTAS
Vídeo escena: BRUNO PRAENA
Axudante de dirección: ÁLVARO LIZARRONDO
Dirección: LUIS LUQUE

ELENCO: LOLITA FLORES - JUAN FERNÁNDEZ
CRÍSPULO CABEZAS - ENEKO SAGARDOY - TINA SAINZ

PREZOS: Público xeral: 20,00 €
Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 14,00 €

Domingo 10 de febreiro

18:00 | Pazo da Cultura

MÚSICA FOLK

Infantil | 50 minutos (galego)

TROTAVENTOS

A fiestra dos soños

A fiestra dos soños é un concerto non para pequenos nin para adultos, simplemente para soñadores. A fiestra dálle unidade e sentido ás historias que veñen despois, que funcionan de maneira independente, e do mesmo xeito, por seren os temas autónomos e ser a fiestra a que lles dá sentido, a propia fiestra abre unha porta para futuras posibles edicións de máis conxuntos de soños.

Musicalmente, o que se busca é o mesmo que no conxunto da obra. Os poemas convértense en cancións que recollen todo tipo de influencias e ritmos, variedade de compases, cambios de tonalidade, etc. cunha liña que bebe das músicas populares do mundo que atravesa cada un dos temas para darlle unidade, e cunhas melodías de gusto exquisito que xunto cos textos converten as pezas en idóneas para o pracer de grandes e pequenos.

A parte literaria componse de trece poemas cunha temática que supón un canto á natureza, presentada dunha maneira aparentemente sinxela e pretendidamente asumible pero sen fuxir da metáfora e, sobre todo, sen menosprezar a intelixencia dos nenos e das nenas. Preténdese pois pintar, máis que narrar, imaxes (escenas/historias/soños), tinguidas de bo gusto, cun enfoque moderno, por veces humorístico e sempre cunhas sutís e entrañables pinceladas de maxia.

ELENCO: MANUEL BOQUETE (guitarras e baixo)
RAMÓN FEÁNS (guitarras, bouzouki, mandolina, teclados, programación)
NADIA FONSECA (voz)
ROBERTO GRANDAL (acordeón)
DANI RIVERO (batería e percusión)

PREZOS: Público xeral: 9,50 €
Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €
Menores de 14 anos: 5,50 €

Sábado 16 de febreiro

20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO CONTEMPORÁNEO

Adultos | 1 hora e 35 minutos (galego)

IBUPROFENO TEATRO

Casa O'Rei

Con *Casa O'Rei,* Ibuprofeno Teatro completa a súa triloxía gastronómica, xunto con *O Furancho* e *Raclette*. Este texto de Santiago Cortegoso propón un xogo escénico e dramatúrxico a partir de *O Rei Lear* de Shakespeare, ambientado nunha típica casa de comidas galega.

Manolo Rei, vello e enfermo, prepara un cocido e reúne á familia. A comida sempre é unha excusa. Desta vez para repartir a casa entre as súas tres fillas. Pero o cocido sáelle cargado de traizón e desprezo, intragable polo amargor dun mundo novo, acedo e decoñecido, que trae do estranxeiro unha morte preconxelada e adobiada con fel.

O tempo, o destino e o Burguer King son implacables coa sorte dos mortais que non saben seleccionar os ingredientes axeitados para elaborar as receitas da súa vida.

Autor: SANTIAGO CORTEGOSO
Dirección: SANTIAGO CORTEGOSO
Adaptación: SANTIAGO CORTEGOSO
Escenografía: PABLO GIRÁLDEZ
Son: CAXADE
Iluminación: SALVADOR DEL RÍO
Vestiario: MARIÁN BAÑOBRE
Música: CAXADE

ELENCO: MIGUEL BORINES - VICTORIA TEIJEIRO
MARIÁN BAÑOBRE - TETÉ GARCÍA - VÍCTOR MOSQUEIRA
SANTIAGO CORTEGOSO - XOSÉ M. ESPERANTE

PREZOS: Público xeral: 9,50 €
Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Domingo 17 de febreiro

18:00 | Pazo da Cultura

TEATRO / COMEDIA

Infantil a partir de 5 anos | 50 minutos (galego)

BERROBAMBÁN

Adeshoras

Nalgún lugar, lonxe de todo, ao caer a noite, unha muller lé un libro que parece conter as historias do mundo enteiro. A música acompáñaa na soidade. Soan badaladas. Anuncian un baile? Un lobo ouvea. está a porta pechada con chave? Leva tantos anos ás costas, esa muller, que xa non lembra quen é. Precisamente por iso pode xogar a ser quen ela queira. A protagonista do seu conto. A do zapato de cristal, a da caixa de mistos, a da mazá envelenada, a do camiño de migallas de pan, a da casiña de chocolate...Quen chama a deshora? Terá fame? Ás veces, descubrimos nas historias dos outros quen realmente somos. E iso é o que lle acontece á señora desta peza de teatro xestual, esta pobre clown desmemoriada. Amodo, xogando, recupera o fío que a leva a recoñecerse no espello, grazas a quen a visita por sorpresa, a deshora, rompendo as súas rutinas, facendo que se sinta nena, unha nena perdida que por fin se atopa.

Autora: PAULA CARBALLEIRA
Dirección: PAULA CARBALLEIRA
Escenografía: PABLO OTERO PEIXE
Deseño de son: NACHO SANZ
Deseño de iluminación: CHIQUI PEREIRA
Vestiario: ISI TORRES
Música: NACHO SANZ

ELENCO: NURIA SANZ - CHIQUI PEREIRA

PREZOS: Público xeral: 9,50 €
Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €
Menores de 14 anos: 5,50 €

Venres 22 e sábado 23 de febreiro

Venres 20:30 e sábado 20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO /COMEDIA

Adultos | 1 hora e 15 minutos (galego)

TALÍA TEATRO

Vida de cans

ESTREA

Tres actores, tres cans; ou tres actores que fan de can. Sen deixar de ser actores, sen deixar de ser cans, están recluídos nun recinto que lles preparou o seu amo, moi grande, moi cómodo, moi ameno, moi limpo..., pero recinto. Ben tratados, ben atendidos, ben alimentados, ben acariñados..., pero recluídos.

Fóra do recinto está a liberdade, cos seus desacougos, as súas incertezas, os seus problemas, os seus perigos...pero liberdade. Cada un dos tres afronta o conflito segundo a súa personalidade, ou segundo a súa canalidade.

E todo vai derivando cara a unha traxedia..., que nunca deixa de ser comedia, comedia absurda, comedia paródica, comedia metafórica.

Autor: CÁNDIDO PAZÓ
Dirección: CÁNDIDO PAZÓ
Escenografía: DANI TRILLO
Deseño de iluminación: DANI TRILLO
Vestiario: MARTINA CAMBEIRO

ELENCO: TOÑO CASAIS - DANI TRILLO - ARTUR TRILLO

PREZOS: Público xeral: 9,50 €
Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Domingo 10 de marzo

18:00 | Pazo da Cultura

TEATRO



Adultos | 1 hora (castelán)

FREDDY GINEBRA (Rep. Dominicana)

Un sueño, una casa, medio siglo y muchas historias.

Entre contos e testemuños nárrase a historia da fundación dunha casa de teatro, poesía, danza, fotografía e música no centro da cidade colonial de Santo Domingo.

Todos os obstáculos e conquistas nunha época difícil de ditadura onde pensar diferente se podía pagar coa vida.

Freddy ginebra, o seu director e xestor, combina con intelixencia e humor os avatares para manter a flote esa institución sen fins de lucro.

A vida é un merengue, dí o presentador, un merengue que se saborea con sancocho e ron.

ELENCO: FREDDY GINEBRA

PREZOS: Público xeral: 9,50 €
Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Sábado 9 de marzo

20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO (HISTÓRICO)

Adultos | 1 hora e 15 minutos (castelán)

ROSARIO PARDO

Los días de la nieve

Unha costureira está a punto de rematar o seu último encargo: un vestido azul de mar. A persoa que llo encargou presencia estes últimos retoques.

Entre puntada e puntada, a costureira rememora a súa vida, evócaa, vólvea a vivir. Recordos de poesía, de amor e de días de sufrimento.

Unha paixón histórica que morreu no cárcere, un pai fusilado na guerra, unha gorxa que esconde segredos.

Esa costureira chámase Josefina Manresa e, o seu amor, Miguel Hernández. Quen espera o vestido?

Autor: ALBERTO CONEJERO
Director: CHEMA DEL BARCO
Axudante de dirección: JUAN VINUESA
Escenografía e iluminación: MANUEL RAMOS
Vestiario: PIER PAOLA ÁLVARO
Fotografía e diseño gráfico: JAVIER MANTRANA

ELENCO: ROSARIO PARDO

PREZOS: Público xeral: 9,50 €
Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Venres 15 de marzo

20:30 | Pazo da Cultura

TEATRO / DRAMA

Adultos | 1 hora (galego)

A QUINTA DO CUADRANTE

O empapelado amarelo

O empapelado amarelo é un espectáculo teatral unipersonal que parte do relato autobiográfico homónimo publicado en 1891 pola autora norteamericana Charlotte Perkins Gilman. Nel narra, en primeira persoa, as perniciosas consecuencias dun tratamento médico que lle fora diagnosticado por un coñecido doutor da época para combater o estado melancólico e depresivo no que se atopaba a raíz do nacemento da súa primeira filla. Este tratamento consistía basicamente na eliminación de todo tipo de actividade intelectual e creativa, nunha dieta hipercalórica e nun encerro case total no seu fogar. Esta remata por converterse nun cárcere onde ela, acostumada a unha intensa actividade social e artística, acabaría por achegarse ao abismo da existencia e ao límite da súa cordura. A autora utiliza as claves do relato de terror gótico para denunciar os mecanismos da represión, propios do heteropatriarcado sobre as mulleres da súa época, privadas de todo tipo de voz pública e pechadas nun sistema que as facía plenamente dependentes dos seus esposos. Rebélase así, sen concesións, contra as convencións da época, apostando por unha radical liberación da muller do xugo masculino e unha defensa da necesidade de conformarse como suxeitos de pleno dereito, apoderándose de xeito absoluto. *O empapelado amarelo* é unha das mellores mostras da literatura feminista mundial do século XIX, que aínda hoxe é xerme de diversas interpretacións, revisións e novas lecturas por parte de artistas de todo o mundo, dado o seu carácter fundacional, onde a autora constrúe unha personaxe que representa un arquetipo contemporáneo da loita da muller por acadar a liberdade plena.

Dirección: TITO ASOREY / Adaptación: TITO ASOREY
Escenografía: LAURA ITURRALDE
Deseño de son: LAURA ITURRALDE / TITO ASOREY
Deseño de iluminación: LAURA ITURRALDE
Vestiario: RENATA UZAL / Música: TITO ASOREY
ELENCO: MELANIA CRUZ

PREZOS: Público xeral: 9,50 €
Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Sábado 16 de marzo

20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO CONTEMPORÁNEO

A partir de 14 anos | 1 hora e 15 minutos (castelán)

TEATRO PETRA (Colombia)

Yo no estoy loca

A historia (as historias) dunha muller que se sae do tradicional, nunha sociedade onde o tradicional é deixar pasar, calar, soportar. Historias que parecen de ficción, pero que están todas baseadas na vida real. Todo o que aquí van ver, pasou. Unha muller entra á súa casa e atopa o seu esposo deitado con outra muller. Os amantes sorpréndense, a esposa non din nada, non fai escándalo; ao contrario, como traía do mercado para unha cea sorpresa, convídaos a comer: ao seu esposo e á amante del. O primeiro que se dí ao saber da reacción da esposa é: "Está tola". Dirano os amigos, as amigas, os familiares, o seu propio esposo e a amante do seu esposo. Pero non só nesta situación lle dirán que está tola, tamén e varias veces ao día, manifestaranllo por esixir os seus dereitos, por non ser dócil, por discutir, por decidir sobre gustos sexuais, por dicir "non", por alzar a voz, por dicir a verdade e, obviamente, por pelexar.

Autor e dirección: FABIO RUBIANO
Dirección de arte: LAURA VILLEGAS
Deseño de iluminación: ADELIO LEIVA
Fotografía: PABLO SALGADO
Montaxe e producción escenográfica: LAURA FORERO
Abrigo: CARLOS KITTEN
Asistente de dirección e producción: MAURICIO SANTOS
Asistente de diseño: LAURA CUERVO
Asistente de diseño gráfico: DIANA SALGADO
ELENCO: MERCE VALENCIA

PREZOS: Público xeral: 9,50 €
Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Domingo 17 de marzo

18:00 | Pazo da Cultura

TEATRO / COMEDIA

Infantil familiar a partir de 3 anos | 55 minutos (galego)

TANXARINA

Titiricircus

Trátase dunha lembranza fantástica e festiva do gran circo de toldo alto e bicolor: a historia de dous vellos traballadores daquel circo que lembran agora con marionetas de fíos as glorias do seu pasado na pista. Nun permanente xogo participativo co público, van aparecendo os números máis importantes daquel vello circo xa desaparecido: o home máis forte da Península Ibérica, o malabarista máis divertido e bailadeiro do mundo...

Autor: EDUARDO RODRÍGUEZ "Tatán" e MIGUEL BORINES
Dirección: EDUARDO RODRÍGUEZ "Tatán" e MIGUEL BORINES
Adaptación: EDUARDO RODRÍGUEZ "Tatán" e MIGUEL BORINES
Escenografía: TANXARINA
Son: TANXARINA
Iluminación: TANXARINA
Vestiario: TANXARINA
Música: SKY - RAVI SHANKAR - STEPHANE GRAPPELLI SCOTT JOPLIN e TRADICIONAL GALEGA

ELENCO: MIGUEL BORINES FERNÁNDEZ
EDUARDO ALBERTO RODRÍGUEZ CUNHA "Tatán"

PREZOS: Público xeral: 9,50 €
Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €
Menores de 14 anos: 5,50 €

Venres 22 de marzo

20:30 | Pazo da Cultura

TEATRO CONTEMPORÁNEO

Adultos | 1 hora (castelán)

TEATRO DEL BARRIO

Emilia

Emilia é a primeira parte da triloxía *Mulleres que se atreven*, que trata de posicionar a mulleres brillantes da nosa historia no lugar que pensamos que lles corresponde así como dalas a coñecer ao gran público. *Emilia* mostra a loita dunha muller, Emilia Pardo Bazán, que, no final do século XIX, se obceca en ser ela mesma, é dicir, en conducirse de acordo cos seus desexos e vontade de escribir e participar na vida pública. Emilia tratou de ingresar na Real Academia da Lingua, sen éxito, a súa insistencia valeulle a reprobación de moitos dos seus contemporáneos, mesmo despois de solicitar a admiración dalgúns outros.

Por encima das polémicas, en *Emilia* sobresae a figura dunha muller forte, intelixente e extraordinariamente divertida.

Autora: NOELIA ADÁNEZ
Dramaturxia e Dirección: ANNA R. COSTA
Texto: NOELIA ADÁNEZ & ANNA R. COSTA
Escenografía: TEATRO DEL BARRIO
Iluminación: RAÚL BAENA
Espazo sonoro: IÑAKI LOURO
Vestiario: ANA LABRADOR
Música: IÑAKI RUBIO

ELENCO: EMILIA é un monólogo baseado na figura de Emilia Pardo Bazán, protagonizado por Pilar Gómez

PREZOS: Público xeral: 9,50 €
Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Sábado 23 de marzo

20:00 | Pazo da Cultura

TEATRO

Adultos | 1 hora e 15 minutos (castelán)

FÉLIX ALBO

Tanatorium

Un home entra no recibidor dun tanatorio xusto no momento en que se vai a luz. A escuridade, o forzado silencio e a incómoda humidade que se respira no vestíbulo evoca un soliloquio co que recorre trazos de distintas vidas ata chegar á súa propia.

Personaxes díscolos, como non (un tío avó coa súa parella de Almansa, un grupo de adolescentes *punkys* con moto, unha rapaza na beira da rúa...), que provocan situacións non menos disparatadas. O público sumerxido na historia, reacciona con empatía cara á voz que lles conta, e mira cos ollos grandes todo o que vai experimentando.

Moitas risas, algunha situación basta superada con habilidade, tenrura e humor. E tamén preguntas. O espectáculo enche o público de moita risa, emoción e tamén preguntas ás que ninguén ten obrigación de responder. Sobre o escenario póñense a bailar como parella a vida e a morte ao ritmo e son que as risas do público marcan. Todas as vidas deberían acabar bailando así.

Autor: FÉLIX ALBO
Dirección: FÉLIX ALBO
Escenografía: FÉLIX ALBO PRODUCCIONES
Deseño son e Iluminación: FÉLIX ALBO PRODUCCIONES
Vestiario: ÁNGELES SORIANO

ELENCO: FÉLIX ALBO

PREZOS: Público xeral: 9,50 €
Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Venres 29 de marzo

20:30 | Pazo da Cultura

TEATRO

Adultos | 1 hora e 15 minutos (galego)

GRUPO CHÉVERE

Anatomía dunha serea

Unha muller, que leva no seu corpo a pegada da violencia obstétrica sufrida durante o embarazo e o parto, narra a súa historia dun xeito directo, aberto e autocrítico. Un relato construído mentres a ferida segue aberta, porque as secuelas aínda non foron reparadas e o seu testemuño terá toda a visceralidade propia dun caso aberto.

Autor: IRIA PINHEIRO e MARÍA LADO
Dirección: XRON
Adaptación: XRON
Escenografía: SUSO JALDA
Deseño son: IRIA PINHEIRO E JUANMA ONS
Deseño iluminación: SUSO JALDA
Vestiario: CARMIÑA DE SALADINA
Música: JUANMA ONS

ELENCO: IRIA PINHEIRO

PREZOS: Público xeral: 9,50 €
Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Sábado 30 de marzo

20:00 | Pazo da Cultura

DANZA TRADICIONAL

Adultos | 1 hora e 10 minutos (galego)

FRAN SIEIRA COMPAÑÍA DE DANZA

Entresoños

Ese soño que me invade cada noite facéndome crer algo que non son, pero que podería chegar a ser...e á vez o medo e a incerteza que me dominan e me fan volver a ese estado de consciencia que me dí que non e máis ca un soño e que non deixará de ser nunca máis ca iso... Dentro do meu soño teño ledicia, total liberdade de expresión e movemento. Non importa con quen, para quen, de que xeito e onde. Só importa a música e o movemento que o meu corpo xera ao sentila. É o meu soño, só mando eu. Dentro del, non hai medos ni complexos. No soño podo facer voar a miña imaxinación a límites insospeitados, límites inalcanzables para min ao espertar cada mañá desa cama. No meu soño podo bailar como eu sei, espremendo o máis pequeno anaco de creatividade sen medos nin prexuízos porque é o meu soño. A miña obra que cada noite me invade, apoderándose da miña inconsciencia e facéndome vivir o que fóra desa cama non me atrevo a amosar.
Entresoños é unha obra de baile e música tradicional.

Autor: FRAN SIEIRA
Dirección: FRAN SIEIRA E DAVID VILARINYO
Adaptación: FRAN SIEIRA E DAVID VILARINYO
Escenografía: VANESA HERNÁNDEZ (DiiVANT)
Deseño son: ANXO PINTOS
Deseño iluminación: LUIS PERDIGUERO
Vestiario: ALESSIO MELONI
Música: ANXO PINTOS
Coreografía: FRAN SIEIRA

ELENCO: FRAN SIEIRA - XISCO FEIJOÓ - AIDA TARRÍO

PREZOS: Público xeral: 9,50 €
Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €

Domingo 31 de marzo

18:00 | Pazo da Cultura

TEATRO MUSICAL

Infantil, a partir de 4 anos a 100 | 1 hora (galego)

OS MONICREQUES DE KUKAS

Arlequina

Espectáculo de gran formato dirixido a todos os públicos, que combina o traballo de actor e a pantomima coa animación de marionetas e a maxia coa música en directo nun espazo escénico polivalente e suxestivo no que todos os elementos forman parte da divertida, misteriosa e trepidante aventura que supón a viaxe dunha peculiar e curiosa marioneta chamada Arlequina na busca da súa identidade, contando para elo coa axuda de Marchelino, un vello e estrafalario artista e titiriteiro.

Autor: MARCELINO DE SANTIAGO (Kukas)
Dirección: ISABEL REY e MARCELINO DE SANTIAGO (Kukas)
Adaptación: ISABEL REY e MARCELINO DE SANTIAGO (Kukas)
Escenografía: MARCELINO DE SANTIAGO (Kukas)
Deseño son: ZOAR ENSEMBLE
Deseño iluminación: MIGUEL CABALEIRO
Vestiario: Kukas e ISABEL REY
Música: ZOAR ENSEMBLE

ELENCO
JORGE CASAS CANEIRO
ISABEL GARCÍA COLDEIRA
BORXA INSUA LEMA
MARCELINO DE SANTIAGO VIQUEIRA (Kukas)
LARRAITZ URROZOLA TOLOSA
ERO VÁZQUEZ CABRERA

PREZOS: Público xeral: 9,50 €
Abonados - Desempregados - Carné Xove ou Estudante (ata 25 anos): 6,65 €
Menores de 14 anos: 5,50 €

PAZO DA CULTURA
Concello de Narón

Rúa Holanda, s/n
Urb. Ciudad Europa
15570 NARÓN

Teléf. 981 391 144
Teléf. 981 102 897 (Despacho de billetes)
E p.cultura@naron.es
www.padroadodecultura.es

facebook/padroadodeculturaconcellodenaron
@culturanaron

-Unha vez comezado o espectáculo (tanto ao inicio coma na segunda parte se existise un descanso), non se permite o acceso á sala, e nos casos excepcionais o acceso estaría xestionado polo persoal de sala a cargo.

-Non se pode fumar dentro do edificio, tampouco consumir bebida ou comida dentro da sala, salvo en casos excepcionais nos que así o determine a dirección do Pazo.

-Non está permitida a captación de imaxes ou son sen unha autorización previa por parte do Padroado da Cultura.

-Antes do comezo do espectáculo é imprescindible desconectar as axendas, alarmas, teléfonos móbiles ou calquera outro tipo de dispositivo electrónico.

-TODA PERSOA QUE ACCEDA AO RECINTO DEBE FACELO COA SÚA ENTRADA, INDEPENDENTEMENTE DA IDADE QUE TEÑA.

IMP. STA. RITA

NARÓN
Padroado da Cultura Concello de Narón
Deputación da Coruña
portugal
red de Teatros, Auditorios y Circuitos de titularidad pública españa
REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS
AGADIC
XUNTA DE GALICIA
inaem
PLATEA
REDELAE red eurolatinoamericana de artes escénicas